

LECTURA

O gorrión VALENTINO



Valentino é un gorrión que vive nun precioso bosque de faias. As faias son árbores moi elegantes e moi altos. Aínda que medran moi amodo viven moito tempo, ¡poden chegar ata os trescentos anos! E a súa madeira é moi apreciada. Valentino sente moi orgulloso de nacer no faiedo e non imaxina vivindo noutro lugar.

Cada día cando se levanta percorre cada recuncho buscando o seu alimento. A súa comida principal son os froitos dun arbusto que se chama acivro, son unhas boliñas moi brillantes que lle achegan todo o necesario para manterse san e ter enerxía suficiente para voar cada día. Este inverno vai ser especialmente duro para el porque a súa mamá rompeu unha a, como irmán maior que é, será o encargado de alimentar á súa familia.

Valentino saíu como cada día a buscar a comida. Esa mañá amencera todo nevado e por iso íalle a resultar máis complicado atopala. Pero como a natureza é moi sabia os froitos do acivro son de cor vermella para que os paxaros poidan velos facilmente aínda que estean lonxe.

Con todo, Valentino sobrevoou varias veces a zona sen atopar nada. ¡Nin rastro das pelotiñas vermellas!

Moi preocupado volveu ao seu niño. Cando a súa mamá viulle aparecer sen nada preguntoulle:

- Que pasou Valentino? Non atopaches nada para comer hoxe?
- Síntoo mamá, non sei que pasou pero non hai ningún froito en todo o bosque. Vou agora mesmo a ver á formiga Manuela, seguro que ela sabe o que ocorreu.



A formiga Manuela levaba todo o outono almacenando comida e ofreceuse a axudarlles:

- Non te preocupes Valentino, eu axudareivos, creo que coa comida que teño gardada poderemos alimentarnos todos se a racionamos ben. Non sei que puido pasar, pero nestes últimos días moitas persoas do pobo viñeron ao faiedo.
- Isto non me cheira moi ben. O mellor será que vaíamos pescudalo, dixo Valentino. ¡Sobe Manuela!

Manuela subiuse encima de Valentino e xuntos levantaron o voo e dirixíronse ao pobo.

Como cada ano en Nadal colocaran luceciñas de cores nas rúas e un gran piñeiro adornando o centro da praza. Todos os nenos e nenas xogaban coa neve e ata construíran un enorme boneco. Pero algo chamou a súa atención e tivo que pousarse nun tellado porque o que viu paralizoulle.

¡Todas as casas da praza tiñan colgadas nas súas fiestras e portas ramalletes de acivro! ¡A comida de toda a súa familia estaba aí, adornando esas casas! A quen se lle ocorreu facer algo así?

Valentino escoitou a moitas persoas dicir que o pobo nunca estivera tan bonito coma nese Nadal e quedaban admirados coa beleza da decoración da praza. Con todo, toda a familia de Valentino quedouse sen alimento para todo o inverno.

- Isto non pode quedar así, pensou Valentino, no pobo deben decatarse do dano que causaron, de non ser así, ao ano seguinte volverán arrincar as polas e a miña familia e eu volveremos quedarnos sen comida.





Valentino decatouse de que fora o alcalde o que, paseando unha mañá polo pobo, viu os ramalletes de acivro adornando unha das casas, como todo o mundo coincidía en que esa era a casa mellor decorada, pensou que se todas se adornaban con acivro, o pobo estaría máis bonito e recibiría máis visitantes. Por iso, todos foron ao faiedo a buscar o acivro para adornar con el as portas e as fiestras das súas casas.

Sen dúbida, non imaxinaban o dano que estaban causando ao bosque e a todos os animais que nel habitan.

De volta no bosque, Manuela e Valentino contáronlle á súa familia o que descubriran e, entre todos, empezaron a pensar solucións:

- Falei con outros paxaros -dixo Valentino-, e o que farán será ir buscar a comida ao pobo, pero como eu son pequeno non podo voar moita distancia se levo moito peso encima, nin tampouco teño a suficiente resistencia para facer todas as viaxes que serían necesarios para traer a ración de alimento diaria para toda a familia, o pobo está demasiado lonxe para min.
- Xa sei o que faremos -dixo Manuela-, debes contarlle todo a Ánxela.
- Quen é Ánxela? -contestei.
- Ánxela é unha nena que quere moito aos animais e sempre nos dá comida, vive na casa que está á beira da igrexa. Ela será a encargada de explicarlle a todos o sucedido.
- Pero eu son un gorrión Manuela, non podo falar cos nenos, non entenden o noso idioma.

- Tranquilo Valentino, hai un xeito de facelo.
- E cal é ese xeito?
- Meténdote nos seus soños.
- Nos seus soños?
- Si. Esta noite terás que entrar na súa habitación. É fácil, hai un fachineiro no faiado da súa casa polo que poderás coarte e chegar directamente ata a súa cama. Colocaraste ao seu lado e contaráslle o sucedido ao oído.

Así o fixo Valentino e á mañá seguinte Ánxela espertouse sobresaltada. Baixou correndo as escaleiras e entrou sen alento na cociña:

- Que che pasa Ánxela? -preguntoulle a súa mamá.
- Teño que contarche algo mamá. Algo moi feo que fixemos.

Cando Ánxela terminou de falar coa súa mamá as dúas saíron a buscar ao alcalde para contarlle a noticia.

- De verdade deixamos sen comida a moitas aves do faiado? Nunca imaxinei que algo así puidese afectarlles dese xeito. E que podemos facer? -dixo.
- Quizá este inverno xa sexa demasiado tarde para pensar solucións, dixo a mamá de Ánxela, pero, de agora en diante debemos coidar e respectar o bosque polo ben dos que viven nel e polo noso.

A formiga Manuela axudou a Valentino e a súa familia a pasar o inverno e todos no pobo aprenderon a pensar, antes de actuar, se podemos facer dano aos demais



